



PORRÓN



MOSQUETÓN



CINTA ADHESIVA



LATA



GOMA ELÁSTICA



BOLSA DE TÉ



CREMALLEIRA



APÓSITO



ABANICO



TETRABRIK



PINZA DE ESTENDER ROUPA



TACO PARA PAREDE

INVENTOS XENIAIS
HEROES OCULTOS
OBXECTOS COTIÁNS

**DO 6 DE XULLO AO
29 DE AGOSTO DE 2012**

**Colexio de Fonseca
Praza de Fonseca, s/n**



Horario de exposición
De luns a sábado, de 11 a 14 h e de 17 a 20.30 h
Domingos e festivos, de 11 a 14 h
Visitas guiadas para grupos,
cita previa no teléfono 981 554 400

Servizo de Información
Obra Social "la Caixa"
De luns a domingo, de 9 a 20 h
Tel. 902 22 30 40
www.laCaixa.es/ObraSocial



Unha exposición de Vitra Design Museum en colaboración con HI-Cone

INVENTOS XENIAIS
HEROES OCULTOS
OBXECTOS COTIÁNS



© Vitra Design Museum. Foto: Bettina Matthiessen & Andreas Sütterlin



Que fai que un obxecto cotián se converta nun **heroe oculto**?

Debe ser algo relacionado cunha idea enxeñosa, aínda que facilmente comprensible. Os heroes ocultos son obxectos que se fabricaron millóns de veces, pero que seguen a ser indispensables no día a día. Demostraron a súa valía unha e outra vez e, en esencia, permaneceron inalterables durante décadas. Dito doutro xeito, son clásicos cotiáns.

Estes obxectos, en tanto que produtos industriais, encarnan ideais da modernidade que, aínda hoxe, son relevantes: **economía de materiais, funcionalidade e durabilidade**. O desexo de calquera deseñador é crear produtos perdurables coma estes.

Coas pezas, as imaxes e mais os vídeos que se presentan nesta exposición, pretendemos amosar catro aspectos particularmente interesantes:

1. A **innovación**: a fascinante historia da invención destes obxectos.
2. A **producción**: as condicións técnicas da súa exitosa fabricación a grande escala.
3. A **evolución**: o seu desenvolvemento histórico e a asombrosa diversidade de modelos e variantes que xeraron.
4. A **inspiración**: a súa estética, que segue a estimular o traballo de artistas e deseñadores.



NOTAS ADHESIVAS

Todo comezou cun experimento frustrado. A finais dos anos sesenta, Spencer Silver traballaba na creación dun novo adhesivo extraforte. Porén, no seu lugar conseguiu unha cola de escasa potencia que permitía pegar cousas, pero tamén despegalas despois.



LEGO

O nome comercial LEGO, co que o fabricante de xoguetes Ole Kirk Christiansen bautizou a súa empresa en 1934, deriva das palabras danesas "leg godt" ('xoga ben'). O primeiro ladrillo fabricouse en 1949 e en 1958 xa adquirira a forma definitiva que posúe na actualidade.



ACEITEIRA MARQUINA

Un dos principais obxectivos do deseño é mellorar a forma e a funcionalidade de obxectos cotiáns. O deseñador Rafael Marquina conseguiu coa aceiteira. O resultado foi unha aceiteira-vinagreira de forma cónica que permite que o aceite volva fluír cara ao contedor.



LÁMPADA

"Rézolle todas as noites á miña lámpada, porque alberga no seu interior unha velocidade vertixinosa". Con esta declaración de 1914, o escritor futurista Filippo Tommaso Marinetti rendía homenaxe á fonte de luz preferida da época moderna. A súa invención atribúese a Thomas Alva Edison en 1879, aínda que houbo importantes precursores nas décadas anteriores.